



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA, O CONCELLO DE POIO E A FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL NO MARCO D CELEBRACIÓN DO XIII ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA NO PORTO DE COMBARRO (POIO)

En Santiago de Compostela, a 26 de xuño de 2017

REUNIDOS

Dunha parte D. José Juan Duran Hermida, actuando na calidade de Presidente en nome e representación do Ente público Portos de Galicia, con domicilio en Praza de Europa 5-A, 6º Área Central. Polígono das Fontiñas 15.707 Santiago de Compostela.

Doutra parte, Luciano Sobral Fernández, alcalde-presidente do Concello de Poio, con domicilio aos efectos deste convenio na Praza Convento, 1, de Poio, facultado para este acto en virtude das competencias que lle recoñece o artigo 21.I.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o 61.1º.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Doutra parte, D .Manuel García Sendón ,na súa condición de presidente da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, con domicilio aos efectos deste protocolo na Apartado de correos nº 38 ; 36630 Cambados (Pontevedra). no exercicio das facultades que lle confiren os Estatutos da referida entidade.

Todas as partes, na calidade na que cada unha intervén, recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN



O Concello de Poio, para dar cumprimento ás súas funcións de promoción e desenvolvemento de actividades culturais, deportivas, etc, que ademais servir de soporte de actividades de incidencia económica no seu termo municipal, participa na organización do XIII encontro de embarcacións tradicionais de Galicia no porto de Combarro que se celebrará entre os días 28 de xuño e 2 de xullo de 2017.

A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF) nace no ano 1993, ao abeiro dunha xuntanza de embarcacións tradicionais celebrada en Ribeira co obxectivo de defender, divulgar e dinamizar o Patrimonio Marítimo de Galicia (mais adiante tamén Fluvial), particularmente as embarcacións tradicionais que o integran.

Dende o seu inicio a FGCMF caracterizou pola realización de numerosas accións, como son, a recuperación de embarcacións e tipoloxías tradicionais, realización de investigacións no eido patrimonial costeiro e marítimo, Dinamización das embarcacións tradicionais mediante a realización de regatas e exhibicións, difusión do patrimonio marítimo e fluvial galego e finalmente no fomento do asociacionismo cultural nas vilas e lugares costeiros

Actualmente a FGCMF está integrada por 45 colectivos, que inclúen asociacións deportivas, culturais, veciñais, etnográficas e mesmo colexiadas. O intercambio de experiencias con outros territorios europeos no tratamento e no deseño de accións de recuperación do patrimonio marítimo, a súa posta en valor e o seu aproveitamento económico, foron esenciais na definición do camiño a seguir pola FGCMF. As continuas saídas da Federación a outras zonas de Europa, e moi especialmente a Francia, non só serviron para representar a singularidade e riqueza do patrimonio marítimo de Galicia, senón tamén para aprender doutras experiencias e darlle unha maior dimensión á propia FGCMF.

Unha das principais singularidades da FGCMF radica en que as asociacións que a compoñen, conforman unha rede de voluntariado que traballa na defensa do patrimonio marítimo e fluvial galego, por esta razón a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial está inscrita no rexistro



da asociacións do voluntariado galego. O paso das edicións do Encontro supuxo un chanzo no desenvolvemento de accións no eido da cultura marítima e fluvial, manifestándose nun incremento continuado no número de asociacións, de proxectos de recuperación de embarcacións tradicionais e mesmo de publicacións e revistas de cultura marítima.

No eido europeo, a presenza da FGCMF vén marcada fundamentalmente pola transcendencia do Encontro e supón o maior escaparate da riqueza do noso "patrimonio. Froito deste traballo foron os convites feitos para que a cultura marítima e fluvial de Galicia fose convidada de honra nas festas de Douarnenez no 2000 e na de Brest no 2008, as máis importantes citas europeas de embarcacións tradicionais.

Neste senso, Portos de Galicia ten establecido bonificación para a promoción do patrimonio marítimo segundo a regra 6º da tarifa X5, conforme á Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non resulta posible promover a concorrencia para a celebración deste evento por canto os dereitos de organización da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial e o Concello de Poio, xa que logo, as tres partes teñen interese en promover o XIII Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia no porto de Combarro, é polo que acordan formalizar un acordo ou convenio é establecer as bases de colaboración entre o Concello de Poio, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial e Portos de Galicia para a organización do XIII encontro de embarcacións tradicionais de Galicia no porto de Combarro que se celebrará entre os días 28 de xuño e 2 de xullo de 2017, co fin de promocionar o patrimonio marítimo e flota tradicional no marco da celebración do deste encontro. Neste senso o concello de Poio comprometése a aportar a loxística necesaria de protección e seguridade cidadán durante a celebración do encontro de embarcacións tradicionais de Galicia no porto de Combarro (Poio).

En definitiva, o presente convenio suporá un efecto positivo tanto para o propio porto, coma tamén para o seu contorno urbano inmediato.



Tendo en conta o propio fundamento do convenio, sustentado na súa finalidade de promoción de actividades de interese xeral a través da concorrencia dun acordo consonte de vontades orientado á coparticipación no desenvolvemento de determinadas actividades de interese común por todas as partes que os subscriben, resulta de interese proceder á celebración do presente convenio de colaboración.

CLAUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO.-

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre o Concello de Poio, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial e Portos de Galicia para a organización do XIII Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia no porto de Combarro que se celebrará entre os días 28 de xuño e 2 de xullo de 2017.

A finalidade última do convenio é promocionar o patrimonio marítimo e flota tradicional no marco da celebración do XIII Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia no porto de Combarro no concello de Poio.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DO CONCELLO DE POIO

O Concello de Poio comprométese a :

1.- Asumir conxuntamente coa Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial da organización da celebración do XIII encontro de embarcacións tradicionais de Galicia no porto de Combarro no Concello de Poio.

2.- Aportar a loxística necesaria de protección e seguridade cidadán durante a celebración do XIII encontro de embarcacións tradicionais de Galicia no porto de Combarro no Concello de Poio.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL

A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial comprométese a:



1.- Organizar a celebración do XIII encontro de embarcacións tradicionais de Galicia no porto de Combarro no Concello de Poio, así como a fomentar e promocionar o patrimonio marítimo e flota tradicional no marco da celebración do XIII encontro de embarcacións tradicionais de Galicia no porto de Combarro no Concello de Poio, asumindo todas as actividades, funcións e responsabilidades de todo tipo como entidade organizadora lles sexan imputables.

2.- A ocupación dos espazos se iniciaría o día 27 de xuño (engadindo os traballos previos de montaxe de carpas e demais elementos) e rematarían o día 3 de xullo (e os traballos de desmontaxe).

3.-A retirada dos elementos de ambientación, voltarían ao seu estado actual. A ocupación temporal dos xardín sería mestras dure o XIII Encontro.

.CUARTA. COMPROMISOS DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA.-

Portos comprométese a :

1.- Autorizar a ocupación de parte do paseo marítimo no porto do Combarro co obxecto da instalación dunhas carpas.

2.- Autorizar a toma de corrente no porto de Combarro para servizo das carpas.

3.- Autorizar a instalación temporalmente nas zonas habilitadas conforme plano adxunto de algúns elementos de ambientación, como poden ser un encascadoiro de redes e velas, un secadoiro de congro ou un campo de redes.

4.- Autorizar a instalación permanentemente na zona delimitada a tal efecto no plano deste Convenio, dunha pedra de monte dunhas medidas aproximadas de 1 metro de algo por 50 cm de ancho co obxecto de instalar nesta pedra dúas placas ou inscricións que lembren naquel lugar tivo lugar o XIII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia que cumpren nesa edición os seus 21 anos. A outra placa sería un recordatorio da homenaxe que vai realizarse no XIII Encontro aos carpinteiros de ribeira en xeral e aos de Combarro en particular. Elemento ornamental que quedara en propiedade de Portos de Galicia por efecto directo deste convenio.

5.- Autorizar o fondeadoiro e amarre, durante o XIII Encontro, dunhas 150 embarcacións tradicionais nos peiraos de Combarro e na lámina de auga que bordea o paseo marítimo segundo detalle do plano que figura no anexo 2. As esloras das embarcacións tradicionais están entre os 4 e os 19 metros.

6.- Autorizar a instalación dunha liña de fondeadoiro, mediante cadea ou malletas ao longo da lámina de auga que bordea o paseo marítimo segundo o detallado no anexo 2.

En todo caso serán da exclusiva responsabilidade do Comité Organizador- FGCMF a solicitude de obtención de cantos permisos, licencias e autorizacións fosen precisas para o XIII Encontro de calesqueira



Administración, entidades e corporacións, en especial da Administración da Capitanía Marítima da Administración Xeral do estado.

CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.-

Dentro do prazo de quince días, a contar dende a data de asinamento deste convenio, crearase unha Comisión Mixta de Seguimento e Control que resolverá as controversias que puideran xurdir.

A Comisión de Seguimento estará integrada por unha Presidencia que recaerá no Presidente do Ente Público Portos de Galicia ou persoa na que delegue, e por dous vocais, un nomeado polo Concello de Poio e outro pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial

A este respecto, o nomeamento de Portos de Galicia recae en Valentín Domínguez Fernandez.

QUINTA. INCUMPRIMENTOS.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas polo presente convenio por unha das partes facultará á outra para interromper este.

No caso de extinción anticipada do convenio, e respecto ás actuacións en curso, a liquidación deste convenio axustarase ó que segue:

A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial e o Concello de Combarro, antes da firma da acta de extinción por calquera causa, repoñerá o dominio público portuario nas condicións en que lle foi entregado, en canto ó seu estado, uso e protección.

No caso de que as obras non poidan iniciarse, deban suspenderse ou desistir de todo ou parte das mesmas, por causa imputable o Concello ou á Federación, éstes aboarán as indemnizacións que correspondan de selo caso.

O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran suscitarse como consecuencia do mesmo.

SEXTA. RELACIÓN CONTRACTUAL



Este Convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre as partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas cumprir con cantas obrigas legais lle correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio. Deste xeito, a subscrición do presente convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa, indirecta ou subsidiariamente polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

SETIMA.- RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS

1.- Fronte a terceiros :Habida conta dos riscos que se podan derivar na utilización das instalacións para o fin a que están destinadas, será responsabilidade solidaria do Concello de Poio e da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial responder dos danos que se deriven a terceiros polo cumprimento defectuoso das obrigas que asumen por medio de este convenio, engadindo os danos que se deriven do acceso e permanencia nas instalacións de terceiros.

2.-O Concello de Poio e a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial será responsable dos danos e desperfectos ocorridos nas instalacións portuarias que se causen durante a celebracións do XIII encontro de embarcacións tradicionais de Galicia no porto de Combarro que terá lugar entre os días 28 de xuño e 2 de xullo de 2017.

3.- A responsabilidade aquí establecida se establece nos termos do artigo 33 da Lei 40/2015, do 2 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público , quedando Portos de Galicia en virtude deste convenio exonerado de calquera responsabilidade que derive de actos, feitos e situacións xurídicas que deriven directa ou indirectamente da organización e celebración do XIII Encontro.



Considerando esta exoneración, ao abeiro do dito artigo 33.3 da Lei 40/2015, do 2 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, a competencia para instruír o expediente de reclamación patrimonial, corresponderalle ao Concello de Combarro.

OITAVA. PUBLICIDADE

En canto á publicidade, procederáse de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 12 de febreiro de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude co disposto no parágrafo anterior o Concello de Poio, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial e Portos de Galicia consente expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro dos datos relevantes referidos ao convenio.

NOVENA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten carácter administrativo e todas as diferenzas que poidan xurdir entre o Concello de Poio, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial e Portos de Galicia en relación coas cuestións controvertidas non resoltas no seo da comisión de seguimento, someteranse ó coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.

Este convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público sen prexuízo da aplicación dos seus principios e criterios para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O presente convenio rexeráse polas súas cláusulas, polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), pola Lei 1/2016, do 12 de



febreiro de transparencia e bo goberno e pola demais normativa que resulte de aplicación

DECIMA. VIXENCIA DO CONVENIO.-

Este convenio entrará en vigor ó día seguinte ó da súa sinatura, estendendo a súa vixencia ata a data máxima do 02 de xullo de 2017, agás prorroga expresa por un máximo de 10 días..

Para cumprimentar o presente convenio en todas as súas partes subscribítese por triplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.

O PRESIDENTE DO
ENTE PUBLICO PORTOS
DE GALICIA

O PRESIDENTE DA
FEDERACIÓN GALEGA POLA
CULTURA MARÍTIMA E
FLUVIAL

O ALCALDE-PRESIDENTE
DO CONCELLO DE POIO

José Juan Durán Hermida

Manuel García Sendón

Luciano Sobral Fernández